

### 17. As ideas fundamentais do pensamento ilustrado.

A ilustración foi un movemento intelectual heteroxéneo xurdido en Europa no século XVIII que ten coma denominador común a confianza na razón para acadar a verdade (**racionalismo**) e desentrañar ás leis da natureza (**empirismo**) e, polo tanto, o cuestionamento da tradición e dos textos sagrados (**espírito crítico**) así coma un forte afán didáctico e pedagóxico como vehículo para espallar os seus ideais. Foi un movemento que **cuestionou as estruturas do Antigo réxime**, principalmente en Francia, pero que España ten unhas características peculiares que o afastan da súa orixe europea. Cabe sinalar que foi un movemento que so tivo pegada nunha pequena elite intelectual de nobres, clérigos e burgueses e a maioría do país seguiu vinculados aos ideais tradicionais.

En España a Ilustración se afasta dos ideais revolucionarios e se limita basicamente a fomentar a aplicación das ciencias útiles (A Enciclopedia) e mellorar o sistema educativo pero co fin de reactivar e reformar a economía. Este afán reformista e da busca do progreso seduciu aos gobernantes que desenvolveron na segunda metade do XVIII unha variante do absolutismo coñecida como **Despotismo ilustrado** que pretendía a aplicación desas reformas co fin de potenciar o desenvolvemento económico do Estado. Neste ámbito destaca sen dúbida **Carlos III** coma principal promotor deste tipo de goberno cuxas **reformas** pivotaron en torno a sete eixos: o fortalecemento do Estado e do poder do rei (**regalismo**); melloras no sector primario aplicando as teses **fisiocráticas**; fomento da produción artesanal e industrial do Estado creando ás manufacturas reais; potenciación da industria popular; defensa do valor do traballo; desenvolvemento do comercio tanto interior como exterior e a renovación da educación como vía de consolidación e fomento destas reformas.

Se ben foron os chamados *novatores* os introdutores da idea protoilustradas cabe destacar ás figuras de Feijóo, que co seu *Teatro crítico* axudou a difundir as ideas do empirismo e a criticar a superstición, e de Mayáns. Xa na segunda metade do XVIII no campo da reforma agraria e económica non podemos deixar de mencionar a Jovellanos, Olavide ou Campomanes, introdutores da fisiocracia en España. Os principais medios de difusión do ideario Ilustrado foron, no eido da promoción estatal, a creación, principalmente baixo o reinado de Carlos III, das reais academias (da Lingua, Historia, Medicina, etc.) así como a creación de grandes museos e a renovación das universidades e a creación de institucións de Ensino secundario.

Pese a todo, o impacto da Ilustración foi bastante limitado e o impacto de reformismo viuse truncado polo brote da Revolución francesa e o medo a difusión das ideas do liberalismo por parte de Carlos IV, limitando de maneira moi significativa, incluso reaccionando contra os ilustrados de finais de século.